

CENSO DAS MORTES VIOLENTAS NA COMARCA DE ORDES (1936-1952)

O contido deste censo é produto do traballo realizado por Manuel Pazos Gómez ©
Quen utilice publicamente estes datos está obrigado a citar debidamente a súa procedencia.
Esta investigación histórica recibiu o apoio institucional do Concello de Oroso.

Fontes para a súa realización:

<i>A Guerra Silenciada. Mortes Violentas na Comarca de Ordes (1936-1952).</i>
Manuel Pazos Gómez. Publicación editada pola A.C. <i>Obradoiro da Historia</i> . Oroso, 2011
Rexistros civís dos concellos de Ordes, Oroso, Frades, Mesía, Cerceda, Tordoia, Trazo e Val do Dubra. O actual concello de Val do Dubra (Buxán) pertencía durante o período da investigación ao Partido xudicial de Ordes.
Causas do Tribunal Militar Territorial IV (A Coruña).
Causas do Arquivo Intermedio Militar do Noroeste (Ferrol).
Arquivo do Reino de Galicia. Fondo Goberno Civil.
Testemuños orais recollidos na bisbarra de Ordes entre os anos 1996 e 2011.

Introdución aclaratoria:

As listaxes preséntanse por concellos de forma cronolóxica ou agrupadas arredor dun suceso común que as relaciona, comezando en 1936 e rematando en 1952. Estas datas coinciden coa sublevación militar contra o goberno da Segunda República e o fin da loita da guerrilla antifranquista na bisbarra de Ordes.
Recóllense as vítimas mortais orixinarias dos concellos da comarca de Ordes e Val do Dubra que faleceron nesta comarca ou fóra dela.
Figuran as vítimas doutras localidades do país que morreron nesta bisbarra, por exemplo, persoas veciñas de Betanzos que aparecen paseadas en Ordes. Debaixo do nome dos guerrilleiros mortos pode lerse o/s seu/s alcume/s.
Cando non identifican os cadáveres na acta de defunción anotan DESCOÑECIDO ; son os desaparecidos da ditadura militar que, probabelmente, nunca serán identificados. Testemuños orais sinalan que no cemiterio do Piñeiro de Ordes hai unha fosa común. Polo de agora non encontramos vítimas mortais no concello de Trazo. Aportamos un achegamento ao Rexistro Civil de Carballo, xa que varios informantes de Tordoia e Trazo comentaban que “oíran falar dos mortos do 36 en Carballo”.
Para saber máis dos sucesos, vítimas, biografías, materiais gráficos... aconséllase consultar a publicación anteriormente citada: <i>A Guerra Silenciada. Mortes Violentas na Comarca de Ordes (1936-1952)</i> de Manuel Pazos Gómez.
Este censo é unha fonte documental aberta, polo que se agradece a achega de datos para completalo e revisalo de forma periódica. Se o considera, acuda ao apartado de “CONTACTO” da páxina de inicio para comunicarse con nós. Última actualización: 13/01/2012
Abreviaturas: F.P. (Fronte Popular). G.C. (Garda Civil). M.G.G. (Segundo Manuel García Gerpe). I.O. (Segundo Informacións Oraís). L.L.G (Segundo Luís Lamela García).

CONCELLO DE ORDES

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
RAFAEL ANDRÉS CASTRO LÓPEZ	14/8/36	Ordes	PASEADO	Coruñés, nado en 1907
FRANCISCO MOURIÑO OTERO	19/8/36	Ordes	PASEADO	Natural de Madrid. Camareiro na Coruña, militante da C.N.T.
FELIPE VEIGA GÓMEZ	28/8/36	Ordes	PASEADO	Sindicalista de Betanzos
GERARDO ABAD CONDE	10/9/36	Madrid	FUSILADO (Sen causa)	Detido en Madrid polas milicias populares
“UN DESCOÑECIDO”	28/9/36	Leira	PASEADO	De 40 a 42 anos, morto nunha cuneta de Castrelos
FRANCISCO BARREIRO PERMUY	23/10/36	Parada	PASEADO	Betanceiro, militante comunista
GERMÁN LÓPEZ PÉREZ	23/10/36	Parada	PASEADO	Betanceiro, sindicalista da U.X.T.
“UN DESCOÑECIDO”	28/11/36	Ordes	PASEADO	Aparece morto nunha cuneta
MANUEL DEL RÍO MANDAYO	5/10/36	Boisaca	PASEADO	Socialista, membro da F.P. de Ordes
MANUEL DEL RÍO PAMPÍN	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Socialista, membro da F.P. de Ordes
JOSÉ DEL RÍO PAMPÍN	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Vinculado ao galeguismo. (Irmán do anterior)
JOSÉ GARCÍA FERNÁNDEZ	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Dirixente da F.P. de Ordes e mestre
ANGEL JESÚS CAAMAÑO VILLAVERDE	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Natural de Parada e mestre
JOSÉ PÉREZ SANMARTÍN	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Natural de Noia, veciño de Ordes
PAULINO PÉREZ GARCÍA	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Natural de Bilbo, veciño de Ordes. Mecnógrafo
JOSÉ VÁZQUEZ MANDAYO	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Natural da Espenica, Ordes
BENITO VILARIÑO LISTE	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Veciño de Ordes e casado. Xornaleiro
MANUEL MOURE REY	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	De Sar, Ordes. Labrego
ANDRÉS NOGAREDA	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	Do Casal, pertencía a U.X.T. Xornaleiro
JOSÉ DE LA IGLESIA VILARIÑO	8/2/37	Boisaca	FUSILADO Causa 230/36	De Ardemil, casado
ANTONIO MARTÍNEZ BOQUETE	3/2/45	Lesta	MORTE (Por civís)	Acusado de represor (I.O.)
MANUEL DEL RÍO BOTANA	15/5/45	Queis Montaos	MORTE (Pola G.C.)	Enlace da guerrilla antifranquista
ANTONIO RECOUSO BOQUETE “Recouso”, “Antón”	26/6/46	Cestaños Parada	MORTE (Pola G.C.)	Veciño do Recreo, Ordes. Guerrilleiro antifranquista
JOSÉ LIÑARES RAMA	11/2/47	Ordes	MORTE (Pola guerrilla)	Xefe da Falanxe de Ordes, represor
RUFINO GARABOA BELLO	17/3/47	Beán	MORTE (Pola G. C.)	Simulou ser dos “Foucellas” (I.O.)
JOSÉ RÍOS GÓMEZ	9/8/47	Cárcere Ordes	MORTE	Enlace da guerrilla antifranquista

MANUEL BALADO FUENTES	29/1/48	Ordes	MORTE (Pola G.C.)	Natural de Beán
JOSÉ REMUIÑÁN BARREIRO “Ricardito”, “Remuiñán” (Sen confirmar lugar e data da morte)	1949	Monfe- ro	MORTE (Pola G. C.)	De Parada. Guerrilleiro antifranquista.
MANUEL MOAR CAO	—	—	Vítima do franquismo	Xastre, de Vilamaior (M.G.G.)
MANUEL SANJURJO VARELA	—	—	Vítima do franquismo	Dirixente agrario de Vilamaior (M.G.G.)

CONCELLO DE OROSO

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
GASPAR REY CASTROMIL	6/4/42	Senra	MORTE	Dedicábase ocasionalmente ao estraperlo
“UN DESCOÑECIDO”	17/10/46	Trasmon-te	PASEADO	Duns 30 anos, soterrado en Trasmonte
JUAN RAÑA MARTÍNEZ	8/1/48	Oroso	MORTE (Pola guerrilla)	Brigada de artillería. (Juan Raña e Manuel Pardo matáronse entre si)
MANUEL PARDO ARGÜESO “Trelles”	8/1/48	Oroso	MORTE (Pola brigada)	De Bergondo. Guerrilleiro antifranquista
CONSUELO GARCÍA MEIXIDE	18/1/48	Ponte Arderís	MORTE (Pola G.C.)	Acusada de colaborar coa guerrilla antifranquista
ANTONIO NOUCHE COSTA “Dourado Xaneiro”, “Luís”, “O soldado de Deixebre”	4/3/48	Carrás Cesuras	MORTE (Pola G.C.)	De Bouzalonga, Deixebre. Guerrilleiro antifranquista
ENRIQUE MANUEL PICÓN	—	—	Vítima do franquismo	Ligado á F.P. (M.G.G.)

CONCELLO DE FRADES

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
ARTURO BRIONES VARELA	28/11/36	Boisaca	FUSILADO (Causa 331/36)	Médico. Dirixente de <i>Izquierda Republicana</i> en Frades
RAFAEL PARDO CARMONA	3/12/36	Boisaca	FUSILADO	Foi mestre en Frades e Val do Dubra. Membro da F.P.
CASIMIRO ALFAYA	28/11/37	—	MORTE	Faleceu estando no cárcere
MANUEL PONTE PEDREIRA “Xastre”, “Pintor”, “Miracielo”, ”Negro”	21/4/47	Fontao Abellá	MORTE (Pola G.C.)	Nado en Abellá, residente en Ordes. Guerrilleiro antifranquista
MANUEL DÍAZ PAN “Rogelio”, “Casado”	21/4/47	Fontao Abellá	MORTE (Pola G.C.)	Natural de San Pedro de Nós, Oleiros. Guerrilleiro antifranquista
MANUEL RODRÍGUEZ SUÁREZ ou “GUNDÍN” de segundo apelido. “O Asturiano”, “Chispas”	21/4/47	Fontao Abellá	MORTE (Pola G.C.)	Nado no 1928. Guerrilleiro antifranquista
LEANDRO CARRILLO CABANAS	28/1/48	Moar	MORTE (Pola G.C.)	Tiña 40 anos e 5 fillos

CONCELLO DE MESÍA

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
JOSÉ MOSQUERA RODRÍGUEZ	1936	—	PASEADO	Da aldea de Astrai (I.O. e segundo M.G.G.)
PEDRO SALGADO BARRAL	Agosto 36	Entre Traba e Mesía	PASEADO	Vinculado á C.N.T. Soterrado en Filgueira de Traba
AGUSTÍN SÁNCHEZ	14/8/36	Betanzos	FUSILADO (Sen causa)	Matado por dar vivas á “República” e chamar á “rebelión”
“UN DESCOÑECIDO”	26/9/36	Cumbras	PASEADO	Atopado morto nunha cuneta
ÁNGEL TABOADA RICO	17/4/37	Teo	MORTE	Natural de Mesía. Soterrado en Calo
MANUEL LÓPEZ BELLO	15/2/45	Curtis	MORTE (Pola guerrilla)	Garda Civil natural das Foucellas, Cabrui
ANTONIO MOSQUERA ALLER	6/1/47	Olas	MORTE (Pola guerrilla)	Delegado sindical da Falanxe
MANUEL SÁNCHEZ QUINDIMIL	6/1/47	Olas	MORTE (Pola Guerrilla)	Casado con varios fillos
EVARISTO VIDAL DEL RÍO	28/3/47	Visantoiña	MORTE (Pola guerrilla)	Natural de Ordes. Tivo algún vínculo cos represores (I.O.)
JOSÉ CANDAL VIEITES	22/11/47	Visantoiña	MORTE (Pola guerrilla)	Alcalde franquista de Mesía, ameazado pola guerrilla
ANTONIO SÁNCHEZ UZAL	26/11/47	Mesía	MORTE (Pola G.C.)	Colaborador da guerrilla antifranquista
SAÚL MAYO MÉNDEZ “Alicantino”, “Pelayo”, “Raúl”	31/5/50	Mandaio Cesuras	MORTE (Pola G.C.)	Veciño de Olas. Guerrilleiro antifranquista
HORTENSIA MOSQUERA MONTERO	30/4/52	Traba Cesuras	MORTE (Pola G.C.)	Morreu despois dunha malleira no cuartel da G.C. de Xanceda
JOSÉ GALÁN NÚÑEZ “O Dereito”	22/6/52	Visantoiña	MORTE (Pola G.C.)	De Alvedro, Culleredo. Guerrilleiro antifranquista
MANUEL RAMIRO SOUTO “O Souto”	22/6/52	Visantoiña	MORTE (Pola G.C.)	De Culleredo. Guerrilleiro antifranquista
BENIGNO ANDRADE GARCÍA “Foucellas”	5/8/52	Cárcere da Coruña	MORTE (Executado)	Nado nas Foucellas, Cabrui. Residente en Curtis. Guerrilleiro antifranquista
JOSÉ LESTA LATA	—	—	MORTE	Preso e morto na cadea da Coruña (I.O.)
JOSÉ BLANCO GÓMEZ	—	Hospital Santiago	MORTE	Disparáronlle os falanxistas (I.O.)
EDUARDO SÁNCHEZ LATA	—	Cárcere da Coruña	MORTE	De Vilardevesa, Cabrui (I.O.)
CONSTANTE SÁNCHEZ LATA	—	Arceo Boimorto	MORTE (Pola G.C.)	Suplantou os guerrilleiros (I.O.)

CONCELLO DE CERCEDA

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
FRANCISCO RAÑA BOQUETE	13/8/36	A Coruña	PASEADO	Natural de Cereda
“UN DESCOÑECIDO”	22/9/36	Queixas	PASEADO	Duns 24 anos. Soterrado en Queixas
“UN DESCOÑECIDO”	28/10/36	Xesteda	PASEADO	Duns 38 a 40 anos. Soterrado en Xesteda
“UN DESCOÑECIDO”	28/10/36	Xesteda	PASEADO	Duns 26 a 28 anos. Soterrado en Xesteda
ANTONIO GARCÍA GARCÍA	10/10/38	A Coruña	MORTE	Natural de Cereda

CONCELLO DE TORDOIA

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
JOAQUÍN GARCÍA TORRES	23/3/37	A Coruña	FUSILADO	Veciño de Tordoia (L.L.G)
JUAN VARELA GONZÁLEZ (Por confirmar se o seu falecemento está relacionado coa represión)	30/10/38	_____	MORTE	Natural de Tordoia (L.L.G)
FRANCISCO ARROYO ARROYO	_____	Santiago	MORTE	Natural de Tordoia (L.L.G)

CONCELLO DE VAL DO DUBRA (antigo BUXÁN)

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
AVELINO RIVAS POMBO “Edelmiro”, “Rubio”, “Martín”	22/5/47	Arabexo	MORTE (Pola G.C.)	De Corme. Militante do P.C.E. Guerrilleiro antifranquista
JOSÉ MARÍA CASTELO MOSQUERA “Doctor”	5/3/49	Paramos	MORTE (Pola G.C.)	De Iñás, Oleiros. Militante comunista. Guerrilleiro antifranquista
VICENTE PEÑA TARRASA “Pedro Borrás”	5/3/49	Paramos	MORTE (Pola G.C.)	Veciño de Narón. Militante comunista. Guerrilleiro antifranquista
MANUEL PENA CAMINO “Flores”, “Dios”	5/3/49	Paramos	MORTE (Pola G.C.)	Natural de Castro, Mesía. Guerrilleiro antifranquista
MANUELA TEIGA (Nalgúns documentos figura Magdalena)	5/3/49	Paramos	MORTE (Pola G.C.)	De Zas (Negreira). Fuxía cos anteriores guerrilleiros

CONCELLO DE CARBALLO

NOME E APELIDOS	DATA MORTE	LUGAR MORTE	TIPOLOXÍA	INFORME
“UN DESCOÑECIDO”	31/8/36 (Inscripción)	Alde- munde	PASEADO	Duns 55 anos. Anotan que morrera unhas 38 h. antes
JOSÉ VILLAVERDE MÍGUEZ	3/9/36	Vilar Artes	PASEADO	31 anos. De Compostela, mecánico
CONSUELO OTERO RIAL	3/9/36	Vilar Artes	PASEADA	24 anos. De Compostela. Casada co anterior
JUAN BOEDO PARDO	29/9/36	Queo Bértoa	PASEADO	28 anos. Natural de Betanzos, sindicalista
PEDRO PINILLA CALVETE	29/9/36	Queo Bértoa	PASEADO	21anos. Da Coruña, mecánico
ANDRÉS PINILLA FRAGA	29/9/36	Queo Bértoa	PASEADO	De 52 anos. Natural de Madrid. Conserxe
FRANCISCO MIGUEL FERNÁNDEZ DÍAZ (O pintor Francisco Miguel)	29/9/36	Queo Bértoa	PASEADO	De 38 anos. Natural e veciño da Coruña. Artista plástico, home de Syra Alonso